



ACTA DA SESIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS, CELEBRADA O DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2016, PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO NO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES EN BOUZAS (EXPTE 15282-333).

Na Concellería de Deportes do Concello de Vigo (10º andar), ás 9:00 horas do día 14 de setembro de 2016, reúnese en sesión pública a Comisión encargada de seleccionar a oferta para a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO NO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES EN BOUZAS (EXPTE 15282-333)**, segundo a orde de inicio do expediente de data 01/08/16 e o anuncio público publicado no perfil do contratante.

A Comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente: D. Rubén Peña Barceló, coordinador deportivo da Concellería de Deportes.

Vogal: D. Pablo Alberte Otero, Técnico deportivo da área de deportes.

Secretari: D. Mª Luisa Álvarez Fernández, administrativa da Concellería de Deportes.

Comparece tamén D. Manuel Rodríguez Hermida, co DNI nº 36029773C en representación de Mecano Sport S.L.

No anuncio publicado na páxina web municipal (perfil do contratante) fixébase a data indicada no encabezamento, para a celebración do presente acto público, a fin de proceder á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentados polos interesados no seguinte expediente:

EXPEDIENTE nº 15282/333	Contrato menor de obras
Obxecto do contrato	CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO NO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL BALTASAR PUJALES EN BOUZAS (EXPTE 15282-333)
Orzamento máximo de licitación con IVE	12.577,17 euros

Procédese a apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a proposición económica presentadas para a obra de



referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado (con IVE):

LICITADOR	OFERTA CON IVE ENGADIDO
ACTIVA PARQUES Y JARDINES S.L	9.680,00 €
MECANO SPORT S.L	10.074,46 €
VIGALCO S.L.	10.652,86 €
LIMONTA SPORT IBÉRICA S.L	10.696,40 €
FACTUN INV. Y PROYECTOS SLU	10.829,74 €
NAROM S.L	11.243,99 €
CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS S.L	11.500,00 €
ZONA DE OBRA-O ROSAL S.L	12.174,71 €
ECOGALAICO INNOVACIÓN S.L	12.326,89 €
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A	12.455,90 €

A continuación e de acordo co anuncio da licitación, no seu punto número 17, procédese do seguinte modo:

1º) Se exclúen as ofertas económicas que superan o presuposto máximo de licitación.

Se exclúe a oferta presentada pola empresa ACTIVA PARQUES Y JARDINES S.L ao presentar unha oferta que supón unha baixa superior ó 10% á media aritmética da todas as ofertas presentadas.

2º) Cálculo da media aritmética das ofertas (non computan a efectos do cálculo da media aritmética as ofertas que superan o presuposto máximo de licitación, neste caso ningunha delas): 12.577,17 €.

3º) Unha vez calculada a media aritmética, réstase un 10% á mesma (1.116,35 €), tendo como conclusión que aquelas ofertas que se atopen por baixo deste umbral ou límite (10.047,15 euros) son excluídas: neste caso, se exclúe a oferta presentada por ACTIVA PARQUES Y JARDINES S.L por importe de 9.680,00 €.

Resulta, polo tanto, que a **oferta economicamente mais vantaxosa** e que non se encontra incursa en valores anormais ou desproporcionados é a presentada pola mercantil **Mecano Sport S.L**, por un importe total de **10.074,46** euros (importe base de 8.326,00 € máis o 21% de IVE, que resulta en 1.748,46 €).

A continuación, a Comisión adoptou o seguinte acordo:

1º) Publicar a presente acta no Perfil do Contratante da páxina web municipal.



2º) Requerir á mercantil Mecano Sport S.L, CO CIF nº B27788397 -por ser o licitador que presentou a oferta económicamente mais vantaxosa das admitidas- para que aporte a documentación necesaria para completar a adxudicación, no prazo máximo de tres días.

Se non o fixera no indicado prazo entenderase que renuncia ao contrato, substituíndoo o participante que teña presentado a seguinte mellor oferta e aporte no mesmo prazo a documentación esixida. Tamén, se o seleccionado renunciase por calquer motivo ao contrato, será substituído polo seguinte da lista.

Finaliza a sesión ás 09:30 horas na data sinalada no encabezamento. E para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a presente Acta da que dou fe.

O presidente

Asdo.: Rubén Peña Barceló (Coordinador deportivo).

O vogal

Asdo.: Pablo Alberte Otero (Técnico deportivo).

O secretario

Asdo.: M^a Luisa Álvarez Fernández (Administrativo da Concellería de Deportes).